Rúbrica para avaliación do reto (profesorado)

Ítem	%	0-2 (nula)	3-4 (negativa)	5-6 (correcta)	7-8 (boa)	9-10 (excelente)
Corrección textual - Elabora un **documento escrito dixital** e **multimodal** con título, texto e imaxe, **correctamente organizado.** - Uso correcto **dos adxectivos** no reto	50	Non elabora nin entrega un documento.	Documento parcialmente organizado con erros significativos, utiliza adxectivos con moitos erros que dificultan a comprensión.	Documento organizado de forma básica con algúns erros. Utiliza adxectivos correctamente na maioría das veces con algúns erros.	Documento ben organizado con poucos erros estruturais e utiliza os adxectivos correctamente con poucos erros.	Documento moi ben organizado, sen erros estruturais utilizando adxectivos de forma correcta e variada sen erros.
Presentación e deseño - **Comunica** e defende un **texto multimodal** elaborado a partir de **información obtida noutros textos.** - Elabora documentos dixitais con **presentación correcta**	20	Non comunica nin defende o texto ou está totalmente desorganizado.	Comunica e defende o texto con moitas dificultades e pouca claridade, a presentación é pobre e ten erros graves na estrutura.	Comunica e defende o texto de forma comprensible e a presentación é aceptable e só ten algúns erros.	Comunica e defende o texto de forma clara e ben estruturada, a presentación é clara e está ben organizada.	Comunica e defende o texto de forma moi clara, estruturada e convincente, a presentación é moi clara, organizada e profesional e non ten erros.
Traballo en grupo coordinación e organización - O **Equipo está coordinado** a nivel interno asumindo cada membro a súa responsabilidade e **brindándose axuda mutua** entre o equipo. - **Distribución equitativa** de tarefas. - **Toma de decisións** realizadas de forma **conxunta** e consensuada.	15	O equipo non está coordinado internamente. Non se asumen responsabilidades nin se brinda axuda mutua.	Existe certa coordinación interna. Algúns membros asumen as súas responsabilidades e ofrecen axuda mutua.	O equipo está en xeral coordinado internamente. A maioría dos membros asumen as súas responsabilidades e ofrecen axuda mutua.	O equipo está moi coordinado internamente. Case todos os membros asumen as súas responsabilidades e ofrecen axuda mutua.	O equipo está excepcionalmente coordinado internamente. Todos os membros asumen as súas responsabilidades e ofrecen axuda mutua de maneira efectiva.
Documentación - **Resultados** das **tarefas previas** e do **diario** de aprendizaxe. - **Compartir o produto fina**l co resto de grupos cunha **información organizada** de forma clara e lóxica cun bo **dominio da materia** e **participando todo o equipo** por igual.	15	Nulos ou malos resultados nas tarefas previas e no diario de aprendizaxe. Non hai evidencia de compartir o produto final con outros grupos.	Hai algunhas referencias a tarefas previas e ao diario de aprendizaxe, pero non están completamente desenvolvidas. Comparten o produto final con outros grupos, pero non está organizado ou non se involucra todo o equipo por igual.	A maioría dos resultados das tarefas previas e do diario de aprendizaxe están presentes, pero algunhas partes non están completamente desenvolvidas ou organizadas. O produto final é compartido co resto de grupos de forma organizada e clara, con implicación equitativa de todos os membros do equipo.	A maioría dos resultados das tarefas previas e do diario de aprendizaxe están presentes e ben desenvolvidas, contribuíndo ao entendemento global do traballo. O produto final é compartido co resto de grupos de forma organizada, clara e lóxica, e todos os membros do equipo participan igualmente nesta actividade.	Todos os resultados das tarefas previas e do diario de aprendizaxe están moi ben desenvolvidas, axudando dun xeito significativo ao entendemento global do traballo. O produto final é compartido co resto de grupos de forma exemplar, organizada, clara e lóxica, e todos os membros do equipo participan dun xeito activo e equitativo nesta actividade.

"Rúbrica avaliación reto profesorado", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0